



Situarnos: o poder dos museos

Xornada con Manuel Borja-Villel

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Venres, 4 de febreiro de 2022



Situarnos: o poder dos museos enmárcase na liña de traballo que o Consello da Cultura Galega está a desenvolver sobre a recuperación da autonomía política para Galicia e o impacto deste acontecemento, do que en 2021 se cumpriron 40 anos, nas políticas culturais. Estas discusións desembocaron na creación de estruturas culturais que hoxe, décadas despois, deben enfrontarse a un debate sobre a vixencia ou superación das súas funcións. A partir do caso concreto do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, representado polo seu director, Manuel Borja-Villel, esta xornada aborda a complexidade da institución museo e a posibilidade de atopar vías de traballo alternativas a aquelas pensadas no albor das políticas culturais da transición que, disfuncionais no presente, deben adaptarse a un novo marco social, ambiental, político ou económico.

O Museo Reina Sofía, entendido como museo situado, museo do común, museo en rede e museo hospital –conceptos teóricos postos en práctica por Borja-Villel na última década–, é clave na procura de novas formas de relación entre a institución e a cidadanía. A xornada incorpora no seu título o termo “situarnos”, que apela ao coñecemento situado da epistemoloxía feminista e a adaptación do concepto á institución museo proposta polo Museo Reina Sofía. Tamén titulamos co lema “O poder dos museos”, elixido polo ICOM como epígrafe do Día Internacional do Museo de 2022 para reivindicar a forza, a posición e as posibilidades dos museos á hora de desafiar os retos e as necesidades do século XXI e de construír unha sociedade libre, democrática e culta.

Para reflexionar sobre estas cuestións, ademais dun seminario práctico con Manuel Borja-Villel e axentes do sector da arte e dos museos de Galicia, o director do Museo Reina Sofía manterá unha conversa con Santiago Olmo, director do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), museo nacido nesa eclosión de estruturas culturais ligada ás políticas culturais da autonomía.

Imaxe da portada: Colección. Salas del Edificio Nouvel o. Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, noviembre, 2021. Archivo fotográfico del Museo Reina Sofía

Programa

Sesión da mañá

10:30 - 13:00 horas

Pensar o museo. Sesión práctica con **Manuel Borja-Villel**, director do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía

Mediación: **Encarna Lago** e **Agar Ledo**

Sesión de traballo a porta pechada con axentes do sector das artes. Non se retransmitirá por streaming.

As persoas interesadas en asistir poderán solicitar a súa asistencia ata o día 28 de xaneiro no correo difusion@consellodacultura.gal

Sesión da tarde

18:00 horas

Presentación

Dolores Vilavedra, secretaria do CCG
Susana González, comisaria e directora da colección de arte
Fundación María José Jove

18:15 horas

Institucionalidades alternativas.

Conversa entre **Manuel Borja-Villel**, director do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, e **Santiago Olmo**, director do Centro Galego de Arte Contemporánea

Modera o debate: **Susana González**

Para a sesión da tarde abrírase un formulario de inscrición en www.consellodacultura.gal

Organizan

Consello da Cultura Galega
Fundación María José Jove

Coordinan

Susana González
Encarna Lago
Agar Ledo

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Información asistencia

- Na sesión da mañá traballarase a porta pechada e non se retransmitirá por streaming. As persoas interesadas en asistir poderán solicitar a súa asistencia no correo difusion@consellodacultura.gal ata o día 28 de xaneiro.

- Para a sesión da tarde abrírase un formulario de inscrición en consellodacultura.gal. O número de prazas é limitado e cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

